

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	TRASMIRAS
Edificio	Igrexa de Santa María de Zos
Dirección	Lugar de Zos, s/n. 32695
	42.040515 -7.661636
Protección	
Descrición	Un dos templos máis bonitos de toda a Limia se asenta no alto dun outeiro, no medio da chaira, sendo ese outeiro un castro recoñecido e recoñecible. O templo é unha marabilla e consta dunha soa nave a dúas augas na que o presbiterio é lixeiramente máis estreito e baixo que a nave, logo das reformas do século XVIII. Polo resto, conserva boa parte dos aditamentos de arte románica, como os diversos canzorros e, sobre todo, a fachada principal, onde a porta arquivada ofrece ata seis arquivoltas, con varias columnas con capiteis do gusto da época e figuras estrañas. Moldurada con dentes de lobo e outras figuras medievais, é unha marabilla visual. A fachada remata nunha espadana non moi grande de dous ocos grandes e outro pequeno no vértice, onde se asenta unha pequena cruz de pedra. Na porta lateral, tamén arquivada, ten un tímpano que semella ser un entrelazado dobre formando unha figura xeométrica moi típica da idade do ferro de Galicia, co que pode ser unha pedra reaproveitada do castro onde se asenta a igrexa. Tan chamativa é a pedra que incluso un dos capiteis da porta principal emula ou copia o deseño de tal pedra antiga.
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	HOMEDAPEDRA LOZANO RÚA, José Luís & TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	03-10-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	BLANCO LEMOS, ANTONIO	1960	50	72
Espadana	Maior.	BLANCO ISLA, GREGORIO (PACIOS) (RIBAS ALTAS)	1928	60	125

Información completa: [Igrexa de Santa María de Zos - TRASMIRAS \(GALICIA\)](#)

